

ANUNCIO

O Sr. Alcalde Presidente do Concello de Coirós, con data 11 de abril de 2023, ditou a seguinte Resolución:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO LISTADO PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE FUNCIONARIO/A DE ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, EDUCADOR/A FAMILIAR, CON NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DE EXAME.

ANTECEDENTES:

Aprobadas por decreto do alcalde as bases que rexerán o proceso selectivo polo sistema de oposición-libre para poder seleccionar a unha persoa que será contratada como educador/a familiar, na modalidade de persoal funcionario de carreira;

Publicadas as ditas bases e o seu anuncio no BOP A Coruña, BOE e DOG

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas, que se entenderá como definitiva no caso de non haber alegacións, sen necesidade de nova publicación.

DNI	NOME	ESTADO	MOTIVOS
***0381**	CRISTINA BLANCO SANGUÑEDO	ADMITIDA	
***7392**	EMMA ÁLVAREZ PÉREZ	ADMITIDA	
***7701**	VIVIANA VARELA NOVO	EXCLUÍDA	1.-
***2811**	SARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	ADMITIDA	
***6677**	BEGOÑA LORENZO CAAMAÑO	ADMITIDA	
***5908**	YAIZA FERNÁNDEZ CARPINTERO	ADMITIDA	
***0830**	MARIA ESTER DEVESEA NEIRA	ADMITIDA	
***2352**	PAULA MEDAL MARTÍNEZ	ADMITIDA	
***1080**	MAITE SIO DOCAMPO	ADMITIDA	

* Motivos de exclusión:

1.- Incumprimento da presentación do anexo III cuberto (Base 4.1. parágrafo último.)

SEGUNDO: Designar ao Tribunal cualificador que valorará os exercicios de que constan a oposición, e realizará o proceso de concurso oposición, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidencia: D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, secretario-interventor do Concello de Coirós.

Suplente de Presidencia: D. Jorge Eduardo Rodríguez Fernández, secretario interventor do Concello de Paderne.

Secretaría: D^a. Begoña Riveira Barros, técnica do Concello de Coirós.

Suplente de Secretaría: D^a. Paula Boado Presas, funcionaria do Concello de Coirós.

Vogal 1: D^a. Ana M^a Ocampo Pérez-Gorostiaga, secretaria- interventora do Concello de Aranga.

Suplente de Vogal 1: D. Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor do concello de Monfero.

Vogal 2: D. José Carmelo Sánchez Presedo, secretario interventor do Concello de Oza Cesuras

Suplente de Vogal 2: D. Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos.

Vogal 3: D. José Manuel Rodríguez Costa, ADEL do Concello de Abegondo.

Suplente de Vogal 3: D^a. María Beatriz Fernández Vázquez, funcionaria do Concello de Abegondo.

TERCEIRO.- Sinalar para a realización das probas de selección o día cinco de maio de dous mil vinte e tres (05/05/2023), ás nove e media (9,30 horas) no edificio municipal de usos múltiples de Coirós de Arriba.”

En cumprimento do establecido na Base 7 das que rexen este proceso, expónse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Coirós e na páxina web do mesmo (concellodecoiros.es) este anuncio para que, no prazo de cinco días naturais as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas

O ALCALDE